

CURSOS DE FORMACIÓN

CURTAMETRAXES

- Sábados de 10.00 a 14.00 h. Desde o 20 de xaneiro.
- 30 horas [desenvolverase a razón dunha xornada semanal até completar o curso e rematar co ciclo de curtas onde se expoñerían este e outros filmes gravados nos obradoiros. O curso pecharase coa exhibición da curtametraxe gravada].

O obradoiro, impartido por **Mr Misto Films**, pretende ser unha iniciación ao mundo da curtametraxe na que os participantes, logo dunhas nocións básicas sobre a elaboración xeral cinematográfica e a gravación en vídeo, desenvolven as diferentes fases de que consta a preparación e dirección dunha curta. Así traballarán desde o proceso inicial de produción e as solicitudes dos permisos necesarios para gravar na rúa, até a dirección práctica do mesmo, pasando polo traballo de escolla de actores, que na súa maioría serán tamén voluntarios/as ou participantes no propio curso. Este rematará coa proxección do mesmo.

INFORMÁTICA BÁSICA

- Desde o 16 de xaneiro.
- Martes e xoves de 19.30 a 21.30 h.
- 40 h.

Os participantes introduciranse no manexo dun ordenador personal baixo entorno de Software Libre. Acadarán un coñecemento básico do sistema e concepto de Software Libre; a xestión de carpetas e arquivos; personalización e actualización do sistema, aplicacións. Iniciación ao procesador de textos, Internet e ferramentas multimedia.

Destinatarios: Mocidade en xeral interesada en achegarse ao Software Libre.

INTRODUCCIÓN Á INTERNET

- Desde o 17 de xaneiro.
- Mércores de 19,30 a 21,30 h.
- 12 horas.

Conceptos básicos de redes e organización de Internet. Coñecemento das ferramentas básicas, tanto a nivel de aplicacións coma de servizos. Navegador, correo, mensaxería instantánea, IRC, P2P, VoIP, Videoconferencia; portais, buscadores, comercio electrónico, páxinas das administracións; conceptos de seguridade.

Destinatarios: público en xeral con coñecementos básicos de informática.

DESEÑO GRÁFICO E RETOQUE FOTOGRÁFICO CON SOFTWARE LIBRE: O GIMP

- Desde o 15 de xaneiro.
- Luns de 16 a 19 h.
- 30 horas de contidos prácticos.

Curso de deseño gráfico e retoque fotográfico utilizando a ferramenta máis coñecida do Software Libre para traballar con imaxes: o GIMP, procurando o manexo con soltura do programa dende un nivel de coñecemento básico. Adquisición de imaxes dende soportes extraíbeis, cámaras fotográficas e escáneres.

DESEÑO DE PÁXINAS WEB: ESTÁNDARES DE PUBLICACIÓN

- Desde o 19 de xaneiro.
- Venres de 18.30 a 21.30 h.
- 30 horas de contidos prácticos.

Curso de deseño de páxinas web, onde se cubrirán os formatos estándar de deseño e publicación. Búscase iniciar ao alumnado nos formatos estándar para a publicación web e traballo práctico na elaboración de documentos, incidindo na importancia da separación entre a información e a presentación.

OFIMÁTICA E OPEN OFFICE

- Desde o 28 de febreiro.
- Mércores de 18,00 a 21,00 h.
- 50 h. [a razón de tres horas semanais].

Manexo das ferramentas de traballo básicas no ordenador persoal. Conceptos básicos do sistema; procesadores de textos, follas de calculo, bases de datos. Emprego das ferramentas básicas de Internet; antivirus, copias de seguridade. Instalación, actualización, personalización e uso.

Destinatarios: Público en xeral.

DESEÑO E PROGRAMACIÓN FLASH

- Desde o 30 de marzo.
- Venres de 18,30 a 21,30 h.
- 30 h.

Curso de deseño de animacións e aplicacións en Flash para publicación en páxinas web e CD's de presentación. Aprenderase a deseñar películas flash e dotalas de dinamismo en canto á recepción e envío de datos. Publicación como arquivos executábeis.

Destinatarios: Persoas con coñecementos básicos previos en entornos de ventás e deseño de páxinas web.

CLUBES: HACKLAB FRS

Horario de xuntanzas do clube: Venres ás 19.00 h.

Actividades permanentes no tempo, orientadas a que unha comunidade aplique as TIC á realización e publicación de traballos directamente relacionados coas áreas de interese do grupo.

Obxectivo: Dinamización, participación social. Os participantes aportan formación, información, ferramentas e solucións á sociedade.

CICLO DE CONFERENCIAS

NO ENSANCHE: SOFTWARE LIBRE

- Luns ás 19,30 h.
- 1 1/2 - 2 h. aproximadamente.

15 de xaneiro. Introducción software libre. Libera o teu ordenador.

29 de xaneiro. Facer música desde a túa casa. Internet. Projecto Mourente.

12 de febreiro. Creación de Comunidades Virtuais / Redes Libres e wireless.

26 de febreiro. A comunicación está no ar / Os perigos da rede.

12 de marzo. Qué é o Linux.

19 de marzo. Software Libre para a pequena empresa.

Quincenalmente en colaboración con diferentes colectivos composteláns, Compostela Wireless, GLUG e AUSLUC, desenvolve-ranse no centro de Ensanche unha serie de charlas divulgativas sobre o Software Libre, para achegar á mocidade en concreto, e a todos os veciños e veciñas, as ferramentas de que dispomos para que os nosos computadores funcionen con alternativas de balde –e, en moitos casos, no noso idioma– para realizar o que queiramos no mundo da informática.

CENTRO SOCIOCULTURAL
E XUVENIL MUNICIPAL

O ENSANCHE

CURSOS FORMACIÓN

CICLO DE CONFERENCIAS

XORNADAS / EXPOSICIÓNS

ABERTO PRAZO DE INSCRIPCIÓN
PARA OS CURSOS DO 2007

O CENTRO SOCIOCULTURAL E XUVENIL MUNICIPAL DO ENSANCHE É UN EQUIPAMENTO XESTIONADO

POLO CONCELLO DE SANTIAGO, GRAZAS A UN CONVENIO SUSCRITO COA DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A FUNDACIÓN CAIXA GALICIA. ALBERGA DIFERENTES EQUIPAMENTOS MUNICIPAIS E UN ESPAZO ESPECIALIZADO NAS **NOVAS TECNOLOXÍAS**, DOTADO DE EQUIPOS E PROGRAMAS INFORMÁTICOS DIRIXIDOS ESPECIALMENTE Á MOCIDADE. PROMOVE A SÚA FORMACIÓN BÁSICA FOMENTANDO O EMPREGO DAS FERRAMENTAS DISPOÑÍBEIS EN GALEGO E SOBRE TODO, DO SOFTWARE LIBRE, QUE HOXE COBRE UN IMPORTANTE ABANO DAS PRINCIPAIS NECESIDADES PERSOAIS: TRATAMENTO DE TEXTOS, CORREO ELECTRÓNICO, NAVEGACIÓN POR INTERNET, DISEÑO E RETOQUE FOTOGRÁFICO, ETC.

ADEMAIS DESTA PARTICULAR INCIDENCIA NO EIDO INFORMÁTICO, DESDE O CENTRO XUVENIL OFERTANSE OUTRAS ACTIVIDADES DIRIXIDAS AOS MOZOS E MOZAS DE COMPOSTELA E INCENTIVARASE A CREACIÓN DE GRUPOS FORMAIS OU INFORMAIS QUE SE XUNTEN ARREDOR DE INTERESES E INQUEDANZAS CREATIVAS, CULTURAI, DE LECER OU DE FORMACIÓN.

A OFICINA MUNICIPAL DE INFORMACIÓN XUVENIL (OMIX) PRESTARÁ NO CENTRO UN SERVIZO PERMANENTE DE INFORMACIÓN, MEDIANTE A ACOLLIDA PERSOAL, POR CORREO ELECTRÓNICO OU POR CONSULTA TELEFÓNICA. A TRAVÉS DA ESCOLTA PERSONALIZADA AO USUARIO/A, OFRECERASE UNHA INFORMACIÓN COMPLETA, DINÁMICA E EFICAZ, INTERACTUANDO COS OUTROS SERVIZOS DE INFORMACIÓN DA CIDADE. REALIZARANSE REGULARMENTE ACTUALIZACIÓNS DAS FONTES INFORMATIVAS, SELECCIONANDO E ORDENANDO O MATERIAL DOCUMENTAL PRECISO PARA A POSTA AO DÍA DA INFORMACIÓN MEDIANTE CARPETAS TEMÁTICAS E PANEIS, ENTRE OUTROS SOPORTES. COMPLEMÉNTASE A **OMIX** COA POSTA EN MARCHA DE ACTIVIDADES DESCENTRALIZADAS NOS INSTITUTOS DE SECUNDARIA COMPOSTELÁS.

XORNADAS

XUNTANZA DE LINUX NO ENSANCHE

- Sábado 24 de marzo.
- **Horario:** Toda a xornada.

MAÑÁ:

1. Recepción aos participantes e taller introductorio do Software Libre (GNU/Linux). Dar a coñecer os colectivos: GLUG, AUSLUC, Compostela Wireless.
2. Soporte técnico para a instalación básica do sistema operativo en entorno Linux

TARDE:

1. Resolución de problemas concretos de configuración (rede, 3D, periféricos varios) e orientación sobre programas axeitados para as actividades e tarefas que queren desenvolver co seu PC.
2. Obradoiro de introducción veloz ao GNU/Linux, escritorio, ferramentas de configuración.
3. Ferramentas principais: OpenOffice, ou deseño gráfico con software libre, ou configuración do cliente de descargas MLDonkey (moi potente pero algo complexo de manexar), instalación de códecs e programas para converter o equipo nunha plataforma multimedia, etc. Cousas que, malia ser non básicas, o usuario común poida necesitar ou estar interesado nelas.

Unha xuntanza de Linux (Install Party) é un encontro no que os usuarios acoden cos seus ordenadores para axudarse mutuamente na instalación dun novo sistema operativo, resolvendo dúbidas ou compartindo experiencias, permitindo configurar o sistema aos usuarios menos expertos. Esta primeira xuntanza no Ensanche vai dirixida a persoas que non teñen moitos coñecementos sobre GNU/Linux e que procuran instalación básica e guiada.

XORNADA BITÁCORAS. BLOGS E FOTOLOGS: AS NOVAS CANLES DE EXPRESIÓN

- Sábado 13 de xaneiro
- **Horario:** Toda a xornada.

MAÑÁ:

- 10.30 h. María Yañez.
Qué é unha Bitácora. Reflexión sobre o fenómeno de extensión das bitácoras e outras canles de expresión en Internet.
- 11.15 h. Raquel Gamallo.
Ferramentas e recursos en galego para crear blogs. A blogoteca.com.
- 12.30 h. Alberto Yáñez.
Internet como comunidade participativa e de troco de noticias. Creación de Chuza.org.
- 13.15 h. Carlos Neira.
O perfil dos creadores de bitácoras galegas.

TARDE:

- 16.30 h. Amador Loureiro. **Novos formatos de comunicación, os blogs e fotologs.**
- 17.15 h. Modesto del Río.
Os pods.

Presentación de **experiencias** de Bitácoras:

- 18.00 h. **Bitácoras e música.**
Noel Feáns e Martín Wu.
- 18.45 h. **Língua e literatura.**
Nel Vidal e Suso de Toro.
- 19.30 h. **Bitácoras de cine.**
Martin Pawley

Internet viviu nos últimos anos a emerxencia dun novo formato de expresión e comunicación, as bitácoras, e recentemente os fotologs e pods cada vez máis empregados pola mocidade. Están a supoñer unha completa mudanza social e comunicativa. Nesta xornada preténdese dar a coñecer unha mostra das posibilidades que nos dan estes novos formatos expresivos, comunicativos e informativos e como constitúen unha ampla rede social cunha importante presenza da lingua galega.

EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA "As mans do vento" de Xacobe Meléndrez

- Do 11 de decembro ao 12 de xaneiro.
- **Horario:** De luns a sábado de 10.00 a 14.00 h. e de 17.00 a 21.00 h.

Galego nado en 1963 en Tegucigalpa (HONDURAS), trasládase dous anos despois a Galicia, terra paterna, onde reside dende entón. Aos once anos recibe a súa primeira cámara, unha Kodak Brownie e con ela outro ollo, co que xa non cesará de mirar como artista. Fotógrafo autodidacta, gaña o seu primeiro premio aos 17 anos. Asiste a talleres con recoñecidos fotógrafos: Ed Kashi, Chema Madoz, Joan Foncuberta, Chema Conesa, Paco Salinas... A súa obra fotográfica parte do compromiso co medio ambiente e da posta en valor do contínuo enfrontamento entre o home e a súa contorna: identidade, equilibrio, entropía..., nunha arriscada dialéctica co aire, a música, a luz, a natureza... Utilizando elementos naturais e artificiais como formas, símbolos para o autorretrato persoal e social.

Acaba de recibir o segundo premio de fotografía no Primeiro Certame Artístico Ministerio de Medioambiente 2006.

Para máis información:

Centro sociocultural e xuvenil municipal O Ensanche
Frei Rosendo Salvado 14/16
Tel: 981 543 001
dptoeducacion@santiagocompostela.org